

**Acta núm. 03/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de febreiro de 2024.**

ASISTENTES:
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 20 de febreiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2024, DO 30/01/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2024, DO 30.01.2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30.01.2024, acta núm. 02/2024, coa seguinte corrección de erros: No punto sexto da orde do día, no apartado b) onde di: Luis García Sieiro, debe dicir: Luis García Rieiro.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LAURA FUENTES BOTANA, na que comunica que vai construír un peche frontal de parcela, en contacto coa vía pública no lugar de Gronzo nº 50 – Brión. O peche farase de pedra de 12 cms. de espesor e unha altura total de 1,80 metros, separado 4 metros do eixo do vial.

A parcela (referencia catastral 4856107NH2445N0001IX) na que se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura do peche deberá de tomarse sobre a rasante do camiño.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 106,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 170,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai revestir a fachada sur da vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 28 – Os Ánxeles, con paneis tipo sandwich de 35 mm. de espesor e cor crema, para a mellora da eficiencia enerxética da vivenda.

A edificación (referencia catastral 6546310NH2464N0001ID) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 126,97 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN BASANTE BARBAZÁN, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda de Vilar nº 26 – Viceso, consistentes en substituír as ventás existentes de aluminio branco por outras de PVC coas mesmas características.

A parcela (referencia catastral 1353304NH2415S0001ZK) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-1), e situase na aldea de Vilar que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como: VE5, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 257,34 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 321,91 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO NIMO VIQUEIRA, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita no lugar de Vilanova nº 13 – Os Ánxeles, consistentes en:

- Construír un peche de parcela coas seguintes características:
 - Nos lindes oeste e norte, este último coincidente coa liña de deslinde das dúas clasificacións que ten a parcela, farase con postes intercalados de formigón, zócalo de bloque (40 cms) e arameira por enriba, ata unha altura total de 1,80 m., e unha lonxitude aproximada de 42 ml. e 18 ml. respectivamente.
 - No linde que da fronte ao vial público farase con postes intercalados de formigón e fábrica de bloque ata unha altura de 1,20 m., instalando no mesmo un portalón de acceso a parcela.
- Construír unha soleira de formigón de 10 cms. de espesor e de 62 m². de superficie, que se situará entre o peche frontal da parcela e a fachada da vivenda.

A parcela (referencia catastral 7641606NH2474S0000DQ), na que se van executar as obras, asentase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2), e a parte traseira da parcela está dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte opaca dos peches deberá de enfoscarse e pintarse en tons claros.
- A altura máxima da parte opaca non pode superar a altura de 1,20 metros.
- A altura total do peche (parte opaca e arameira) non pode superar a altura total de 1,80 metros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 212,17 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 276,74 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA LOURDES GÓMEZ GARCÍA, na que comunica que vai arranxar a cobertura da vivenda sita no lugar Fonte Paredes nº 23 – Ons, substituíndo a tella existente por outra nova das mesmas características e instalando dúas claraboias.

A parcela (referencia catastral 1689606NH2418N0001QG), onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 96,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 160,57 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. VICENTE RAMOS 44, na que comunica que vai reparar filtracións de auga que afectan a fachada, o solado da terraza da vivenda baixo c, e a planta soto do edificio sito na Avda. Vicente Ramos 44 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), e sitúase dentro do contorno de protección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como TEICBE1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 142,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 207,07 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCIA IGLESIAS PORTEIRO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, en Lamiño 55 – Brión.

A parcela (referencia catastral 6760716NH2466S0000OI) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. da aliñación e de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 309,99 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para obras de reordenación de cargas do centro de transformación denominado “C.T. de Vidalóiso”, o cal asentase nas inmediacións da aldea de Babenzo - Bastavales. As obras a realizar consisten en abrir unha gabia para a instalación de RBT soterrada a partir dunha arqueta existente e próxima ao centro de transformación, substituír 161 metros da liña aérea existente e na instalación dun novo apoio intercalado no tendido aéreo existente, segundo proxecto técnico

asinado polo enxeñeiro técnico industrial Javier Fernández Pazos con data de 20.11.2023, e posterior documentación de data de 30.01.2024.

A actuación desenvólvese sobre un ámbito de solo clasificado maioritariamente como solo de núcleo rural, e de xeito parcial e en menor medida, en solo rústico. A actuación, de acordo coa cartografía aportada, afecta ao viario público municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 03.01.2024 (clave DH.W15.97666), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 5.200,90 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, (r.e. 202200000000943).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.040,18 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.104,75 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para obras de mantemento da infraestrutura de gas canalizado que afecta a beirarrúa que da fronte ao edificio nº 15 do Paseo de Pedrouzos – Brión. A actuación consiste en levantar a tapa da válvula alí localizada aos efectos de realizar as oportunas tarefas de mantemento da instalación, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Madrid de data de 26.01.2024 (expte. 2400829/01).

A obra a realizar emprázase sobre un ámbito de solo urbano consolidado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberase repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,84 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,41 euros.

c) Deuse conta dunha instancia asinada por ENCARNACIÓN SANTOS PEREIRO, na que solicita licenza para a canalización soterrada de abastecemento de auga privada desde un

almacén ata a vivenda sita en Brans de Abaixo nº 2 – Brión. Para dita canalización abrírase unha gabia de 55 metros de lonxitude sobre un vial municipal.

O ámbito sobre o que se asentan ambas construcións está dentro da delimitación de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8/PXOM: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA GARCÍA RIEIRO, na que comunica a primeira ocupación de dúas vivendas unifamiliares sitas na Avda. dos Ánxeles nº 19 B e nº 19 C – Os Ánxeles.

Con data 15/09/2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a ELENA GARCÍA-NORRO GRANJA, JAVIER GARCÍA RIEIRO e ANA GARCÍA RIEIRO, para construír dúas vivendas unifamiliares, e dúas piscinas, na Avda. dos Ánxeles nº 19 B e nº 19 C - Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Pablo López Prol, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.08.2020 (n.r.e.2003687).

Con data 17/01/2023 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as obras de instalación dun ascensor para salvar o desnivel de 3 metros existente na parcela sita na Avd. dos Ánxeles 19, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo da responsabilidade do arquitecto director da obra de construción da vivenda unifamiliar que se leva a cabo pola interesada na parcela, que deberá ter o seu reflexo na documentación do estado final da obra, e que deberá presentar no Concello para a concesión da licenza de primeira ocupación, na que se xustificará a idoneidade da instalación e a súa conformidade coa normativa aplicable e o planeamento urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Pablo López Prol, con data 14.09.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 22.09.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 176,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 51,15 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 129,14 euros.

Total: 357,20 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan Sebastián Lareo Sánchez, que di actuar en representación de ANTONIO HERMIDA VÁZQUEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Piñeiro 42 – Os Ánxeles.

Con data 16/11/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a ANTONIO HERMIDA VÁZQUEZ, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Piñeiro 42 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.07.2021 (expte. núm. 2104460).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez con data 01.09.2023, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.09.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.
Total: 96,85 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Sabucedo Costa, que di actuar en representación de MARÍA BEGOÑA BOUZAS LÓPEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Estrar nº 40 – Os Ánxeles.

Con data 03/08/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María Begoña Bouzas López e Fernando Márquez Zas para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Estrar nº 40 – Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01/07/2021 (expediente 2101920).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa con data 19.06.2023, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 03.08.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Beatriz Abel Pazos, que di actuar en representación de MARIO CASTILLO RODRÍGUEZ e CONCEPCIÓN Balsa Lois, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina no lugar de Sabaxáns nº 95 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con data 10.01.2024 (expte. 2305105).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7918916NH2471N0001KS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), dentro da zona de policía do Rego de Crexo.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 30.01.2024 (expte. DH.W15.96414) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con data 10.01.2024 (expte. 2305105).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (69,04 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en toda a fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e instalación de piscina non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 69,04 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 08 de febreiro de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.535,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.631,71 euros.

SEXTO .- LICENZA DE SEGREGACIÓN

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alexis López Pena, que di actuar en representación de MANUEL PEDRARES BELLO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Nináns - Luaña, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Alexis López Pena, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña e Pontevedra) con data 30.05.2023 (expte.20230533).

Descrición da parcela de orixe:

Finca nº 355 do plano da zona de concentración parcelaria de Luaña e Cornanda e rexistral nº 12.534 do Rexistro da Propiedade de Negreira; que conta coas seguintes referencias catastrais: nº 15013B507003550000MJ, 0551803NH2405S0001HF e parte de 0551804NH2405S0001WF.

Superficie: 4.244 m²

Lindes:

Norte: María Gómez Mato (353) e José Gómez Mato (358).

Sur: estrada comarcal

Este: zona excluída e Santiago Codeso Bargo e outro (354), cauce de rego en medio.

Oeste: Consuelo Hombre Danza (356), cauce de rego en medio.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

- 2.237 m² en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

- 2.007 m² en solo rústico segundo a D.T.1. 2.d) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Sobre dita parcela están construídas, dende fai máis de vinte anos as seguintes edificacións:

CASA, que ocupa unha superficie construída de cento trinta e seis metros cadrados (136 m²) composta de: planta baixa destinada a almacén de cento trinta e seis metros cadrados construídos (136m²); planta alta destinada a vivenda de cento catro metros cadrados construídos (104 m²); e baixo cuberta destinada a almacén de cuarenta e seis metros cadrados construídos (46 m²). A edificación ten unha superficie total construída de douscentos oitenta e seis metros cadrados (286 m²).

NAVE, situada ao norte da anterior, que consta de planta baixa de douscentos vinte seis metros cadrados construídos (136 m²).

CASA 2, que ocupa sobre unha superficie construída de cento setenta e oito metros cadrados (178 m²) e consta de: planta baixa de cento setenta e oito metros cadrados construídos (178 m²), dos cales se destinan a almacén cento trece metros cadrados construídos (113 m²) e a vivenda sesenta e cinco metros cadrados construídos (65 m²); planta alta destinada a vivenda de setenta metros cadrados construídos (70 m²).

A edificación ten unha superficie total construída de douscentos cuarenta e oito metros cadrados (248 m²).

ALPENDRE, situada ao norte da anterior, que consta de planta baixa de sesenta e cinco metros cadrados construídos (65 m²).

A parcela linda coa estrada de titularidade provincial DP-1301.

Segregación pretendida:

Resto de la finca matriz (Parcela A).

Superficie neta: 2.772 m²

Lindes:

Norte: María Gómez Mato (353) e José Gómez Mato (358).

Sur: estrada comarcal e Parcela B procedente desta segregación.

Este: con zona excluída e Santiago Codeso Bargo e outro (354), cauce de rego en medio.

Oeste: Consuelo Hombre Danza (356), cauce de rego en medio e Parcela B procedente desta segregación.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

-. 765 m² situados en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

-. 2.007 m² situados dentro de solo rústico segundo a D.T.1. 2.d) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Sobre dita parcela están construídas, dende fai máis de vinte anos as seguintes edificacións:

CASA 2, que ocupa sobre unha superficie construída de cento setenta e oito metros cadrados (178 m²) e consta de: planta baixa de cento setenta e oito metros cadrados construídos (178 m²), dos cales se destinan a almacén de cento trece metros cadrados construídos (113 m²) e a vivenda sesenta e cinco metros cadrados construídos (65 m²); planta alta destinada a vivenda de setenta metros cadrados construídos (70 m²).

A edificación ten unha superficie total construída de douscentos cuarenta e oito metros cadrados (248 m²).

ALPENDRE, situada ao norte da anterior, que consta de planta baixa de sesenta e cinco metros cadrados construídos (65 m²).

Parcela B.

Superficie neta: 1.472 m².

Superficie de cesión: non se establecen cesións porque se considera unha distancia ao aliñamento de 4 metros ao eixe do vial.

Lindes:

Norte: Parcela A procedente desta segregación.

Sur: estrada comarcal

Este: con Parcela A procedente desta segregación.

Oeste: Consuelo Hombre Danza (356), cauce de rego en medio.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

Sobre dita parcela están construídas, dende fai máis de vinte anos as seguintes edificacións:

CASA, que ocupa unha superficie construída de cento trinta e seis metros cadrados (136 m²) composta de: planta baixa destinada a almacén de cento trinta e seis metros cadrados construídos (136 m²); planta alta destinada a vivenda de cento catro metros cadrados construídos (104 m²); e baixo cuberta destinada a almacén de cuarenta e seis metros cadrados construídos (46 m²). a edificación ten unha superficie total construída de douscentos oitenta e seis metros cadrados (286 m²).

NAVE, situada ao norte da anterior, que consta de planta baixa de douscentos vinteseis metros cadrados construídos (136 m²).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 26.05.2023 (expte. 2022000049870) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SÉTIMO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por YANINA GRISEL IZQUIERDO FRICK, na que solicita prórroga para remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Saime nº 27 – Bastavales.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en data 09.02.2021 concedeu licenza de obras a Aurelio Couso Cambeiro e Yanina Grisel Izquierdo Frick, para construír unha vivenda unifamiliar en Saime nº

27 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2020 e documentación complementaria visada o 15.01.2021.

2. En data 13.07.2021 a Xunta de Goberno Local concede unha prórroga de 6 meses para o inicio das obras.

3. En data 22.03.2022 a Xunta de Goberno Local concede unha segunda prórroga de 6 meses para o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras.

OITAVO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

Pola alcaldía se retira o asunto da orde do día por estar pendente de informe.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González